

WAD & MAMBRU



Nino & Mambrú, os irmáns, entre os limpiabotas, os últimos, entre os últimos, os primeiros.

Os máis aclamados á par que apupados. Que o fagan ben ou mal, xa é outro cantar pero vinde, vinde a velos!

Nino & Mambrú, dos seus zapatos, seus criados.





“A elegancia comeza polos zapatos”

Nino e Mambrú entran na pista, estes dous excéntricos limpabotas, fan gala de ser os mellores no seu traballo e de ser respectados no mundo enteiro.

O dúo de irmáns desenvolveu un estilo único e incomparable na súa profesión: a famosa arte de deixar os zapatos coma unha patena. E prometen que será un espectáculo de grande elegancia e virtuosismo.

Autoproclamados coma servos dos zapatos, terán que demostrar que todo este alarde é certo ante a chegada da súa nova cliente. Esperemos que a presión non poida con eles e que amosen do que son capaces.

A OBRA

Fortemente inspirados polos grandes dúos da historia da comedia –como *Laurel and Hardy* e o humor físico de Buster Keaton e Charlie Chaplin– Nino & Mambrú preséntanos un espectáculo de *media máscara*, inscrito nas veas do teatro físico, a acrobacia, a esgrima, o mimo e a improvisación co público, que converxen para crear unha obra de público familiar.

Tamén, como elemento sorpresivo, a obra preséntanos a Ada, personaxe cómplice que nos serve para darlle unha volta á estrutura clásica da persoa voluntaria que sae a escena.



A necesidade de **reinvidicar o teatro de máscara hoxe en día**, impulsounos a crear un espectáculo de rúa, dispoñible e asequible a calquera persoa que pase polo seu lado.

As máscaras, descendentes do estilo da **Commedia Dell'Arte** e os seus arquetipos, son o eixe da obra e o seu encanto. Dende elas creamos as personaxes coas súas peripecias e incidentes.

A máscara permítenos xerar estas dúas caricaturas pretas do mundo dos cartoons e dos debuxos animados que nos achegan tanto a nenas e nenos como a adultos.





A COMPAÑÍA

Nauta é unha compañía xove e internacional. Un grupo de creadores que proveñen do teatro, do circo, da música e dos mundos da máscara e do monicreque.

Dende o desexo de afondar e descubrir a arte escénica do día de hoxe, Nauta busca e explora un teatro onde os estilos se xuntan para abrir novos espazos. Unha arte escénica sen elites. Un punto de encontro onde somerxerse no extraordinario da arte. Onde todo pode ser posible.

FICHA TÉCNICA

Espectáculo familiar (a partir de 6 anos) | **3 Actores**

Espectáculo de rúa e interior.

Duración: 45min | **Xénero:** Comedia.

Técnica: Máscara, acrobacia, mimo.

Dirección e dramaturxia: Nauta

Monicreques e escenografía: Nauta

Dimensións*: 6m de largo | 6m de profundidade | 4m de altura

*A obra está adaptada tanto para sala, rúa e espazos non convencionais.

Para máis precisión sobre as necesidades técnicas contactar coa compañía



Nauta

info@nautateatro.com

www.nautateatro.com

Facebook: @NautaTeatro

Instagram: @NautaTeatro

Teléfono:

+34 630 41 68 98 Rafael Rey (ES)

+33 689 95 79 27 Mathias Rodriguez (FR)

